

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no-Diario Oficial de Galicia-)	

SUMARIO

Orde do.... de de 2017, da Consellería do Medio Rural, pola que se convocan eleccións e se ditan normas para a renovación dos órganos de goberno de determinados consellos reguladores do ámbito agroalimentario.

TEXTO:

As denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas foron creadas como instrumentos para protexer e promover as producións de calidade propias de determinados territorios e son, polo tanto, elementos importantes para o desenvolvemento rural. Están reguladas actualmente mediante diversa normativa europea, que trata de dar un enfoque común en todo o territorio da Unión aos diferentes rexímenes de calidade. A estes rexímenes de calidade habería que unir tamén o constituído pola produción ecolóxica, o cal tamén é obxecto de regulación mediante normativa europea.

A escala autonómica a regulación destes indicativos de calidade realizouse mediante a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, que a desenvolve.

A dita normativa autonómica regula a figura dos consellos reguladores como corporacións de dereito público ás que se atribúe a xestión da denominación

(Escribir a dous espacios)

para o que actúan con autonomía económica e plena capacidade de obrar. A tutela administrativa sobre cada consello regulador exercea a consellería competente en razón da natureza do produto de que se trate, agraria ou mariña.

Esta normativa autonómica establece tamén que os órganos de goberno dos consellos reguladores deben renovarse cada catro anos e que é competencia da consellería que exerce a dita tutela a realización da correspondente convocatoria, aínda que aos consellos reguladores corresponde a organización do proceso de acordo con principios democráticos e respectando as normas básicas do réxime electoral que se recollen no capítulo VI do citado Decreto 4/2007.

O último proceso electoral no relativo aos produtos do sector agroalimentario -e polo tanto competencia da Consellería do Medio Rural- desenvolveuse trala publicación da Orde do 22 de febreiro de 2012 da entón Consellería do Medio Rural e do Mar pola que se convocaron eleccións para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de orixe Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras, do Consello Regulador dos Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, do Consello Regulador da denominación de orixe protexida Pemento de Herbón, dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas *Ternera Gallega*, Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea, Faba de Lourenzá, Castaña de Galicia, Grellos de Galicia, *Tarta de Santiago* e Pemento do Couto e do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia. Logo da toma de posesión dos vogais electos destes dezasete consellos reguladores e da elección por eles das persoas que haberían de ocupar a presidencia e a/as vicepresidencia/s de cada consello regulador o proceso culminou coa aprobación da orde da consellería pola que se procedía ao seu nomeamento, que foi publicada no DOG do día 6 de xullo de 2012.

Por outra parte, na citada convocatoria do ano 2012 non foran incluídos os consellos reguladores das denominacións de orixe Arzúa-Ulloa, *Queixo Tetilla*, San Simón da Costa e Cebreiro nin o Consello Regulador da indicación xeográfica protexida *Lacón Gallego*. Para estes, a última convocatoria electoral foi a realizada mediante a Orde do 3 de agosto de 2007. Estes consellos reguladores non entraran na convocatoria de 2012 debido a que daquela aínda non tiñan adaptado os seus respectivos regulamentos ao contido da citada Lei 2/2005, do 18 de febreiro e do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Así mesmo, cómpre indicar que dende a celebración do proceso electoral de 2012 constituíronse tres novos consellos reguladores que xestionan as

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

indicacións xeográficas protexidas Pemento da Arnoia, Pemento de Oímbra e Pemento de Mougán. Os órganos de goberno destes consellos reguladores teñen, conforme o establecido no citado Decreto 4/2007, o carácter de provisionais e o seu mandato durará ata a toma de posesión dos órganos que resulten dos procesos electorais que se deben celebrar unha vez iniciada a actividade do consello regulador e logo de que todos os interesados en participar na correspondente denominación puidesen tramitar a súa alta.

De acordo co exposto nos parágrafos anteriores é necesario realizar a convocatoria electoral para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o cal é o obxecto desta orde. Porén, nesta convocatoria exclúense catro dos vinte e cinco consellos reguladores constituídos actualmente, os das indicacións xeográficas protexidas Pemento de Oímbra, Pemento de Mougán, *Lacón Gallego* e *Tenera Gallega*. Os dous primeiros exclúense porque se trata dos constituídos máis recentemente e que funcionan como órganos provisionais encargados de poñer en marcha estas indicacións xeográficas. O número de inscritos aínda é baixo e parece aconsellable manter por un tempo os órganos actuais ata acadar un maior número de inscritos que permita convocar eleccións.

Polo que se refire ao Consello Regulador da indicación xeográfica protexida *Lacón Gallego*, trátase do único que aínda non adaptou o seu regulamento ás especificacións da normativa autonómica citada, polo que mantén a súa natureza xurídica de órgano desconcentrado da Administración carente de personalidade xurídica de seu. Este feito, unido á necesidade de realizar determinados cambios na súa normativa reguladora, aconsellan adiar este proceso, cuestión que foi solicitada polo dito consello regulador.

Por último, o Consello Regulador da indicación xeográfica protexida *Tenera Gallega* está actualmente liderando o proceso para o rexistro dunha nova indicación xeográfica que servirá para protexer a carne de vaca e de boi de Galicia. A previsión é de que esta nova indicación xeográfica protexida comece a súa actividade durante este mesmo ano 2017 e que sexa xestionada conxuntamente coa IXP *Tenera Gallega* mediante un consello regulador común, o Consello Regulador da Carne de Vacún de Galicia. Este novo consello regulador substituirá ao actual Consello Regulador da IXP *Tenera Gallega* e subrogarase nos dereitos e obrigas deste. O Pleno do Consello Regulador da IXP *Tenera Gallega* solicitou expresamente non entrar nesta convocatoria e comunicou a súa intención de propoñer a constitución dun consello regulador provisorio cuxo Pleno estaría formado polos actuais vogais do Consello Regulador da IXP *Tenera Gallega* aos que se unirían dous vogais máis en representación do sector do vacún maior, un da produción primaria e o

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

outro en representación dos establecementos industriais. Este consello regulador provisorio funcionaría o tempo necesario para poñer en marcha a nova IXP Vaca e Boi de Galicia, de acordo coa mecánica que establece o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Como se indicou anteriormente, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, regula no seu capítulo VI o réxime electoral dos consellos reguladores. Nel establécese que os consellos reguladores rexeranse, nos seus aspectos básicos, polas normas comúns que figuran na súa sección primeira. Ademais, na sección segunda do dito capítulo VI recóllense outras normas electorais complementarias, de aplicación aos consellos reguladores que non establezan normas específicas nos seus regulamentos que as substitúan. Dado que ningún dos regulamentos dos consellos reguladores a convocar establece disposicións específicas no relativo ao réxime electoral -remitíndose este réxime en todos eles ao contido nas seccións primeira e segunda do dito capítulo VI do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro-, serán as normas recollidas neste decreto as aplicables aos procesos electorais que se convoquen para estes órganos.

Polo tanto, cómpre realizar a convocatoria de eleccións para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras, do Consello Regulador dos Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Arzúa-Ulloa, Queixo Tetilla, San Simón da Costa, Cebreiro e Pemento de Herbón, dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea, Faba de Lourenzán, Castaña de Galicia, Grellos de Galicia, *Tarta de Santiago*, Pemento do Couto e Pemento da Arnoia e do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia. Por outra parte, é necesario prorrogar o mandato dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas *Ternera Gallega* e *Lacón Gallego*. Por todo o anterior, logo da audiencia dos consellos reguladores afectados e no uso das facultades que me confire o citado Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Convocatoria*

De acordo co establecido no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, por esta orde convócanse eleccións para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores das

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

denominacións de orixe Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras, do Consello Regulador das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Arzúa-Ulloa, Queixo Tetilla, San Simón da Costa, Cebreiro e Pemento de Herbón, dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea, Faba de Lourenzá, Castaña de Galicia, Grelos Galicia, *Tarta de Santiago*, Pemento do Couto e Pemento da Arnoia e do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

Artigo 2. Calendario electoral

O calendario electoral será o que se recolle como anexo I desta orde.

Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando están sinalados por días, entenderanse días naturais, e expirarán ás 14 horas do derradeiro día do prazo. O lugar de presentación será a sede do correspondente consello regulador ou a da Xunta Electoral, segundo quen deba coñecelos, excepto a presentación de reclamacións sobre os censos, que poderá facerse, ademais de na sede do correspondente consello regulador, nos lugares sinalados de exposición destes. Neste caso, os interesados deberán remitir ao consello regulador correspondente por fax ou correo electrónico, no mesmo día, unha copia da reclamación presentada. Para estes efectos os consellos reguladores darán publicidade, xunto cos censos, do número de fax e/ou do enderezo electrónico ao que se poderá enviar a reclamación.

A sede da Xunta Electoral será a que se especifica no artigo 3º desta orde.

Artigo 3. Xunta Electoral

1. Conforme ao disposto no artigo 41 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, constituirase unha única Xunta Electoral para as eleccións aos vinte e un consellos reguladores, con sede nas dependencias da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, no complexo administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela.

2. A Xunta Electoral estará presidida #####, que terá como suplente a #####.

3. A Xunta Electoral estará integrada ademais por:

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

- 6 -CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - PARA O DIARIO OFICIAL PAX

(Escribir a dous espacios)

- Tres funcionarios/as dos grupos A1 ou A2 da Consellería do Medio Rural ou dos seus organismos e entes dependentes.

Suplentes: tres funcionarios/as cos mesmos requisitos que os/as titulares.

- Secretario/a: Un/unha funcionario/a do grupo A1, licenciado/a en dereito, da citada consellería ou dos seus organismos e entes dependentes.

Suplente: Un/unha funcionario/a cos mesmos requisitos que o/a titular.

-Tres representantes, como máximo, das organizacións profesionais agrarias de ámbito galego máis representativas, entendidas estas como as organizacións representativas dos operadores do sector agrario legalmente constituídas de acordo coa Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical ou de acordo coa Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical e con representación co Consello Agrario Galego(censos A).

-Tres representantes, como máximo, das asociacións empresariais dos sectores industriais implicados (censos B e D).

-Dous representantes, como máximo, das cooperativas dos sectores implicados ou das súas asociacións (censos C).

4. Unha mesma organización profesional agraria, asociación empresarial ou entidade cooperativa ou asociación destas non poderá ter máis de un representante.

Artigo 4. Presentación de candidatos para a Xunta Electoral e designación

1. O proceso electoral dará comezo o día #####. No prazo dos ##### días naturais seguintes á dita data, as organizacións profesionais agrarias, asociacións empresariais e cooperativas e as súas asociacións, relacionadas coa actividade das denominacións de calidade para as que se convocan eleccións poderán presentar candidatos/as a vogais da Xunta Electoral. As candidaturas conterán un membro titular e un suplente.

2. A presentación de candidaturas farase na Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo da Consellería do Medio Rural (no complexo administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela), mediante solicitude acompañada da documentación requirida no artigo 42 do Decreto 4/2007 citado. Ademais, para avaliar a súa representatividade, no caso das

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

asociacións representativas do sector industrial e do sector cooperativo e no das cooperativas de segundo e ulterior grao, presentarase unha certificación coa relación de asociados que están inscritos nalgunha das denominacións de calidade para as que se convocan eleccións, especificándose as denominacións nas que están inscritos.

3. No suposto de organizacións profesionais agrarias, asociacións empresariais ou cooperativas e as súas asociacións integradas noutras de ámbito superior, aquelas unicamente poderán presentar candidaturas se estas non o fixesen.

4. O día ##### procederase á designación dos membros da Xunta Electoral. A designación de todos eles, titulares e suplentes, será realizada mediante resolución da directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. Na dita designación teranse en conta a formación académica e a experiencia dos candidatos e candidatas así como, no caso das persoas representantes de asociacións empresariais e cooperativas e as súas asociacións, o grao de implantación destas no sector da actividade da correspondente denominación de calidade, medido este en función do número de socios inscritos, número de distintas denominacións ás que pertencen e o volume de produción certificada comercializada de acordo cos datos do correspondente consello regulador.

5. Contra a dita designación poderase interpor, con data límite o #####, recurso perante a conselleira do Medio Rural, que resolverá a máis tardar o día #####. O dito recurso será presentado nas dependencias da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo da Consellería do Medio Rural.

6. Tanto a designación das persoas membros titulares e suplentes da Xunta Electoral en representación dos diferentes sectores como, de ser o caso, a resolución dos recursos que se interpoñan contra dita designación será notificada no enderezo electrónico autorizado pola organización propoñente para os efectos da recepción das comunicacións segundo o previsto no artigo 42.1 d) do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Artigo 5. *Censos electorais*

Os censos electorais, que deberán ser elaborados por cada consello regulador para o seu uso no proceso electoral, axustaranse ao modelo que figura no anexo II, e serán os seguintes:

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

a) Consello Regulador da denominación de orixe Monterrei

Censo A. Sector produtor: constituído polos titulares de viñedos inscritos no rexistro de viñas do Consello Regulador, con excepción de aqueles que sexan socios de cooperativas que sexan titulares, directa o indirectamente, de adegas da denominación, a través das cales transformen a uva e comercialicen o viño.

Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de adegas inscritas nos rexistros da denominación, con excepción das adegas cuxo titular sexa, directa ou indirectamente, unha sociedade cooperativa.

O censo B subdividirase pola súa vez en dous subcensos, en función da produción de viño cualificado e contraetiquetado como media nos últimos tres anos naturais (2014, 2015 e 2016). Os ditos subcensos serán:

-Subcenso B₁: adegas cunha produción menor ou igual a 30.000 litros.

-Subcenso B₂: adegas cunha produción maior de 30.000 litros.

Para as adegas de recente creación, se nalgún deses anos non tiveran actividade, faranse os cálculos tendo en conta só os anos nos que houbo actividade.

Censo C. Sector cooperativo: constituído polos titulares de viñedos inscritos no rexistro de viñas do consello regulador que sexan socios dalgunha cooperativa que sexa, pola súa vez, titular, directa ou indirectamente, dalgunha adega inscrita na denominación, a través da cal transformen a uva e comercialicen o viño; así como polos titulares das ditas adegas de base cooperativa.

Neste censo figurarán tamén as sociedades non cooperativas que sexan titulares de viñedos ou de adegas nas que a maioría das participacións pertencen directa ou indirectamente a sociedades cooperativas da denominación.

b) Consello Regulador da denominación de orixe Rías Baixas

Censo A. Sector produtor: constituído polos titulares de viñedos inscritos no rexistro de viñas do Consello Regulador, con excepción de aqueles que sexan socios de cooperativas que sexan titulares, directa o indirectamente, de adegas da denominación, a través das cales transformen a uva e comercialicen o viño.

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

- 9 -CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - PARA O DIARIO OFICIAL PAX

(Escribir a dous espacios)

Á súa vez, este censo dividirase en dous subcensos en función do tamaño das explotacións vitícolas:

- Subcenso A₁: no que se incluírán os titulares de explotacións con superficie igual ou menor a 2 Has.

- Subcenso A₂: formado polos titulares de explotacións vitícolas con superficie superior a 2 Has.

Pola súa vez, os vogais de cada un destes subcensos repartiranse por subzonas de produción de acordo co que se recolle no anexo III.

Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de adegas inscritas nos rexistros da denominación, con excepción das adegas cuxo titular sexa, directa ou indirectamente, unha sociedade cooperativa. Este censo subdividirase pola súa vez en función da produción cualificada nos tres últimos anos segundo os criterios establecidos para o caso da D.O. Monterrei, de acordo cos seguintes límites:

-Subcenso B₁: adegas cunha produción menor ou igual a 100.000 litros.

-Subcenso B₂: adegas cunha produción maior de 100.000 litros. Á súa vez, este subcenso dividirase en función das subzonas de elaboración de acordo co que se recolle no anexo III.

Censo C. Sector cooperativo: constituído polos titulares de viñedos inscritos no rexistro de viñas do consello regulador que sexan socios dalgunha cooperativa que sexa, pola súa vez, titular, directa ou indirectamente, dalgunha adega inscrita na denominación, a través da cal transformen a uva e comercialicen o viño; así como polos titulares das ditas adegas de base cooperativa.

Neste censo figurarán tamén as sociedades non cooperativas que sexan titulares de viñedos ou de adegas nas que a maioría das participacións pertencen directa ou indirectamente a sociedades cooperativas da denominación.

c) Consello Regulador da denominación de orixe Ribeira Sacra

Censo A. Sector produtor: constituído polos titulares de viñedos inscritos no rexistro de viñas. Este censo pola súa vez dividirase en función da produción

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

A4 (210X297 m.m) UNE

(Escribir a dous espacios)

de uva entregada as adegas da denominación de orixe nos últimos tres anos (2014, 2015 e 2016) do seguinte xeito:

- Subcenso A₁: Viticultores que están de alta no consello regulador pero non comercializaron uva ás adegas da denominación nos anos de referencia.

- Subcenso A₂: Viticultores que entregaron uva a adegas da denominación nalgún dos anos de referencia e que non están incluídos no censo A₃.

- Subcenso A₃: Agrupará aos viticultores que teñan máis superficie de viñado inscrita no rexistro de viñas do Consello Regulador ata acumular 400 Ha.

Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de adegas inscritas nos rexistros do consello regulador. Este censo subdividirase en tres subcensos en función dos quilos de uva vinificados nos últimos tres anos, calculada a media como nos casos anteriores e de acordo cos seguintes valores:

- Subcenso B₁: adegas que vinificaron menos quilos e que, polo tanto, non lles corresponde estar nos subcensos B₂ nin B₃.

- Subcenso B₂: adegas que vinificaron menos uva que as do subcenso B₃ e que acumulan ata o 14 % da uva procesada da denominación de orixe.

- Subcenso B₃: Agrupa ao conxunto de adegas que no período de referencia vinificaron máis quilos de uva, ata acumular o 65 % da uva vinificada da denominación de orixe.

d) Consello Regulador da denominación de orixe Ribeiro

Censo A. Sector produtor: constituído polos titulares de viñedos inscritos no rexistro de viñas do Consello Regulador, coas excepcións de aqueles que sexan socios de cooperativas que sexan titulares, directa o indirectamente, de adegas da denominación, a través das cales transformen a uva e comercialicen o viño, así como de aqueles viticultores que, por ter adega de colleiteiro, estean no censo D.

Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de adegas inscritas nos rexistros da denominación, con excepción das adegas cuxo titular sexa, directa ou indirectamente, unha sociedade cooperativa, e das adegas de colleiteiro. Este censo dividirase en función da produción media dos últimos tres anos, de acordo cos criterios antes establecidos, do seguinte xeito:

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

- Subcenso B₁: adegas cunha produción menor ou igual de 400.000 litros.

- Subcenso B₂: adegas cunha produción maior de 400.000 litros.

Censo C. Sector cooperativo: constituído polos titulares de viñedos inscritos no rexistro de viñas do consello regulador que sexan socios dalgunha cooperativa que sexa, pola súa vez, titular, directa ou indirectamente, dalgunha adega inscrita na denominación, a través da cal transformen a uva e comercialicen o viño; así como polos titulares das ditas adegas de base cooperativa.

Neste censo figurarán tamén as sociedades non cooperativas que sexan titulares de viñedos ou de adegas nas que a maioría das participacións pertencen directa ou indirectamente a sociedades cooperativas da denominación.

Censo D. Sector colleiteiro: constituído polos titulares de adegas de colleiteiro, segundo o establecido no artigo 17.1 do regulamento desta denominación de orixe e do seu Consello Regulador. Os inscritos neste censo non poderán estar inscritos en ningún outro censo.

e) Consello Regulador da denominación de orixe Valdeorras

Censo A. Sector produtor: constituído polos titulares de viñedos inscritos no rexistro de viñas do Consello Regulador, con excepción de aqueles que sexan socios de cooperativas que sexan titulares, directa o indirectamente, de adegas da denominación, a través das cales transformen a uva e comercialicen o viño.

Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de adegas inscritas nos rexistros da denominación, con excepción das adegas cuxo titular sexa, directa ou indirectamente, unha sociedade cooperativa. Este censo subdividirase do seguinte xeito:

-Subcenso B₁: adegas ás que non lles corresponde estar no subcenso B₂.

-Subcenso B₂: adegas que cualificaran no período de referencia (anos 2014, 2015 e 2016) máis de dúas terceiras partes da produción total das variedades preferentes.

Censo C. Sector cooperativo: constituído polos titulares de viñedos inscritos no rexistro de viñas do consello regulador que sexan socios dalgunha cooperativa que sexa, pola súa vez, titular, directa ou indirectamente, dalgunha

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

adeга inscrita na denominación, a través da cal transformen a uva e comercialicen o viño; así como polos titulares das ditas adegas de base cooperativa.

Neste censo figurarán tamén as sociedades non cooperativas que sexan titulares de viñedos ou de adegas nas que a maioría das participacións pertencen directa ou indirectamente a sociedades cooperativas da denominación.

f) Consello Regulador das indicacións xeográficas das augardentes e licores tradicionais de Galicia

Censo B₁: formado polos titulares de instalacións inscritas como produtoras de subprodutos de vinificación.

Censo B₂: formado polos titulares de instalacións de destilado.

Censo B₃: constituído polos titulares de locais de elaboración e embotellado.

g) Consello Regulador da denominación de orixe protexida Arzúa-Ulloa

Censo A. Sector produtor: Constituído polos titulares de explotacións gandeiras inscritas no rexistro correspondente do consello regulador.

Censo B. Sector industrial: Constituído polos titulares de industrias elaboradoras de queixo inscritas no rexistro correspondente do consello regulador. Este censo subdivídese en 2 subcensos, en función da produción de queixo certificado e contraetiquetado como media nos 3 últimos anos naturais (2014, 2015 e 2016). Para as industrias de recente creación, se nalgún deses anos non tivesen actividade, faranse os cálculos tendo en conta só os anos nos que houbo actividade. Os subcensos serán os seguintes:

- Subcenso B1: industrias cunha produción menor ou igual de 300.000 kg anuais.

- Subcenso B2: industrias cunha produción maior de 300.000 kg anuais.

h) Consello Regulador da denominación de orixe protexida Queixo Tetilla

Censo A. Sector produtor: Constituído polos titulares de explotacións gandeiras inscritas no rexistro correspondente do consello regulador.

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

Censo B. Sector industrial: Constituído polos titulares de industrias elaboradoras de queixo inscritas nos rexistros do consello regulador.

i) Consello Regulador da denominación de orixe protexida San Simón da Costa

Censo A. Sector produtor: Constituído polos titulares de explotacións gandeiras inscritas no rexistro correspondente do consello regulador.

Censo B. Sector industrial: Constituído polos titulares de industrias elaboradoras de queixo inscritas no rexistro correspondente do consello regulador.

j) Consello Regulador da denominación de orixe protexida Cebreiro

Censo A. Sector produtor: Constituído polos titulares de explotacións gandeiras inscritas no rexistro correspondente do consello regulador.

Censo B. Sector industrial: Constituído polos titulares de industrias elaboradoras de queixo inscritas no rexistro correspondente do consello regulador.

k) Consello Regulador da denominación de orixe protexida Pemento de Herbón

Censo A. Sector produtor: Constituído polos titulares de explotacións inscritas no rexistro de produtores e plantacións.

Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de instalacións inscritas no rexistro de almacéns e plantas envasadoras.

l) Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia

Censo A. Sector produtor: configurado cos titulares de parcelas de cultivo inscritas no rexistro de plantacións.

Censo B. Sector industrial: formado polos titulares de instalacións de almacenaxe e envasado inscritas nos rexistros do consello regulador.

m) Consello regulador da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia

Censo A. Sector produtor: Constituído polos titulares de instalacións inscritas no rexistro de explotacións do consello regulador. Subdivídese en tres
(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

subcensos en función do número medio de colmeas dos tres últimos anos (2014, 2015 e 2016):

- Subcenso A₁: explotacións con número de colmeas igual ou inferior a 150.
- Subcenso A₂; explotacións con número de colmeas maior de 150 e menor ou igual a 400.
- Subcenso A₃: explotacións con número de colmeas maior de 400.

Censo B. Sector Industrial: constituído polos titulares de instalacións inscritas no rexistro de instalacións de extracción, almacenamento e/ou envasado do consello regulador.

Este censo subdivídese en dous subcensos, en función da produción de mel certificado e contraetiquetado como media nos tres últimos anos naturais (2014, 2015 e 2016). Para as instalacións de recente creación, se nalgún deses anos non tivesen actividade, faranse os cálculos tendo en conta só os anos en que houbo actividade. Estes subcensos son:

- Subcenso B₁ : instalacións cunha produción menor ou igual a 50.000 kg. anuais
- Subcenso B₂ : instalacións cunha produción maior de 50.000 kg anuais.

n) Consello regulador da indicación xeográfica protexida Pan de Cea

Censo único (B): constituído polos titulares de fornos elaboradores inscritos no rexistro do consello regulador.

ñ) Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Faba de Lourenzá

Censo A. Sector produtor: Constituído polos titulares de explotacións inscritas no rexistro de plantacións.

Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de instalacións inscritas no rexistro de almacéns e plantas de envasamento.

o) Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia

- Sector Produtor:

(Escribir a dous espacios)

Censo A: constituído polos titulares de explotacións inscritas no rexistro de produtores e plantacións.

- Sector industrial:

Censo B₁: constituído polos titulares de instalacións inscritas no rexistro de operadores-comercializadores e almacenistas en fresco.

Censo B₂: constituído polos titulares de instalacións inscritas no rexistro de instalacións de procesamento.

p) Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Grellos de Galicia

Censo A. Sector produtor: constituído polos titulares de explotacións inscritas no rexistro de produtores e plantacións.

Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de instalacións inscritas no rexistro de operadores-comercializadores e almacenistas en fresco e polos titulares de instalacións inscritas no rexistro de instalacións de procesamento.

q) Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Tarta de Santiago

Censo único (B): constituído polos titulares de obradoiros inscritos no rexistro do consello regulador.

r) Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Pemento do Couto

Censo único (A+B): constituído polos titulares de explotacións inscritas no rexistro de produtores e plantacións e polos titulares de instalacións inscritas no rexistro de almacéns e plantas envasadoras.

s) Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Pemento da Arnoia

Censo único (A+B): constituído polos titulares de explotacións inscritas no rexistro de produtores e plantacións e polos titulares de instalacións inscritas no rexistro de almacéns e plantas envasadoras.

t) Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia

- Sector Produtor:

(Escribir a dous espacios)

Censo A₁: constituído polos titulares de explotacións agrícolas inscritas no rexistro de empresas agrarias de produción vexetal. Neste censo inclúense tamén os recolectores de algas.

Censo A₂: conformado cos titulares de explotacións gandeiras inscritas no rexistro de empresas agrarias de produción animal, incluídas as explotacións de acuicultura.

- Sector Industrial:

Constituído polos inscritos no rexistro de operadores titulares de industrias elaboradoras e/ou envasadoras.

Este censo divídese en tres subcensos, en función do volume de negocio anual declarado como media nos tres últimos anos naturais (2014, 2015 e 2016) perante o consello regulador. Para as industrias de recente creación, se non tiveran actividade nalgún dos anos de referencia, calcularase o valor tendo en conta só o ano ou os anos de actividade. Os subcensos son os seguintes:

- Subcenso B₁: Industrias cunha facturación anual de produtos controlados polo Craega igual ou inferior a 50.000 € anuais.

- Subcenso B₂: Industrias cunha facturación declarada igual ou inferior a 300.000 € anuais e superior a 50.000 €.

- Subcenso B₃: Industrias cunha facturación declarada superior a 300.000 €.

- Sector comercializador:

Censo D: constituído polos inscritos no rexistro de operadores titulares de empresas importadoras e/ou comercializadoras.

Artigo 6. Normas para a confección dos censos

1. A data límite para pechar a confección do censo será a de publicación desta orde de convocatoria, polo que os inscritos con posteridade a dita data non se incluírán nos censos.

2. Nos censos descritos no artigo 5 anterior figurarán exclusivamente os titulares inscritos e con actividade nos rexistros correspondentes do consello regulador. De acordo con isto, con carácter xeral, incluíranse exclusivamente os titulares que tiveran actividade nalgunha das tres últimas campañas.

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

No caso dos inscritos no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, nos censos figurarán aqueles operadores que teñan o certificado de conformidade de acordo coa norma UNE-EN-ISO 17065 en vigor á data de peche do censo. Ademais, os inscritos con alta anterior ao 1 de xaneiro de 2017 deberán ter actividade durante o ano 2016, mentres que os inscritos con alta posterior a esa data poderán figurar nos censos aínda que non tivesen actividade. Con carácter xeral entenderase que tiveron actividade os produtores e industrias que demostren facturación de produtos ecolóxicos ou, no caso de comercializadores ou de industrias que traballen a maquía ou exerzan de intermediarios, que demostren ter fluxo de produto ecolóxico.

Nas denominacións que teñan establecidas cotas periódicas para o mantemento da inscrición, poderase considerar que tiveron actividade aqueles operadores que, aínda que non produciran ou elaboraran produtos a amparar ou amparados pola denominación, teñan pagadas as cotas correspondentes.

3. Como excepción ao contemplado con carácter xeral para todos os consellos reguladores no punto 2 anterior, e sen prexuízo do indicado nel para o caso particular do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, poderán figurar no censo:

- En xeral, os inscritos que, por ser de recente alta, non tiveran aínda actividade.

- No caso das denominacións de orixe vitivinícolas, os viticultores que non entregaran uva en ningunha das tres últimas campañas debido a ter sometido as súas plantacións a procesos de reconversión e reestruturación.

- No caso dos inscritos nos rexistros de produtores dos subsectores agrícola e gandeiro do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia que, por encontrarse as súas explotacións no período de conversión indicado polo consello regulador, aínda non puidesen ter actividade económica dentro da denominación. Inclúiranse neste suposto aquelas explotacións que finalizasen o período de conversión despois do 1 de xullo de 2016.

4. Dentro do sector produtor vitícola, unha mesma persoa física ou xurídica só poderá figurar nun censo ou subcenso. No caso de que un titular teña a súa explotación en parte adherida a cooperativa e en parte non, ou que unha parte estea nunha subzona e outra parte noutra, deberá figurar no censo ou subcenso no que teña a maior parte da superficie inscrita.

Artigo 7. Exposición de censos

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

1. Cada consello regulador, unha vez elaborados os censos, expoñeraos na súa sede e remitiraos aos lugares seguintes, para a súa exposición:

- Á sede dos servizos centrais da Consellería do Medio Rural, onde se exporán a totalidade dos censos.

- Ás xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural, onde se exporán, cando menos, os censos correspondentes aos inscritos na provincia.

- Ás oficinas agrarias comarcais, onde se exporán, cando menos, os censos correspondentes aos inscritos do seu ámbito xeográfico.

2. Os censos serán expostos nos lugares sinalados no punto 1 anterior entre os días ##### (ambos os dous inclusive), de acordo co calendario electoral do anexo I.

3. Durante o citado período de exposición os interesados poderán formular reclamacións ante o correspondente consello regulador, quen deberá resolvelos con data límite o día #####.

4. Contra ditas resolucións os interesados, con data límite o #####, poderán formular recurso ante a Xunta Electoral, a cal resolverá a máis tardar o día _____. Esta resolución será notificada tanto ao interesado como ao consello regulador. No caso do consello regulador a notificación realizarase á conta de correo electrónico autorizada para o efecto.

5. Unha vez resoltas as reclamacións e recursos presentados, procederase á exposición dos censos definitivos nos mesmos lugares que no caso dos provisionais, de acordo co establecido no calendario electoral do anexo I.

Artigo 8. *Candidaturas*

1. A partir do día seguinte ao da resolución das reclamacións sobre os censos, e ata o #####, poderán presentarse candidaturas ante o consello regulador, de acordo cos artigos 49 e 50 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

2. Para os censos de produtores primarios (censos A) as candidaturas poderán ser presentadas polas organizacións profesionais agrarias, entendidas estas como as organizacións representativas dos operadores do sector agrario legalmente constituídas de acordo coa Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical ou de acordo coa Lei Orgánica

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical e as asociacións profesionais, entendidas estas como calquera asociación en que participen os produtores agrarios inscritos no correspondente consello regulador legalmente constituídas de acordo coa Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación ou de acordo coa Lei 12/1991, do 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico.. Ningunha destas asociacións precisará da presentación de avais.

Así mesmo, poderán ser presentadas candidaturas independentes, nas que o promotor non é unha persoa xurídica, ás que tamén se lles esixirá vir avaladas, como mínimo, por un 10 % dos inscritos no censo ou subcenso ao que concorran.

3. Para o caso dos censos de actividades industriais (elaboración e comercialización, censos B e D) as candidaturas poderán ser presentadas por asociacións profesionais, entendidas estas como as legalmente constituídas de acordo coa Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical; de acordo coa Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación ou de acordo coa Lei 12/1991, do 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico. Ningunha destas asociacións precisará da presentación de avais.

Tamén poderán presentarse candidaturas independentes, co aval do 10% dos inscritos no censo ou subcenso ao que concorran.

4. Para os censos específicos do sector cooperativo poderán presentar candidaturas as cooperativas inscritas neles e as asociacións ou cooperativas de segundo o ulterior grao nas que se integren, sen que sexa necesario a presentación de avais.

Tamén poderán presentarse candidaturas independentes, co aval do 10% dos inscritos no censo ou subcenso ao que concorran.

5. No caso particular do Consello Regulador da IXP Pataca de Galicia as listas presentadas respectarán as porcentaxes de representación máxima para as subzonas que se recollen no seu regulamento. Estas porcentaxes máximas tamén se terán en conta no momento da proclamación dos vogais a fin de que a configuración do Pleno electo respecte as ditas limitacións.

6. O día #####, cada consello regulador realizará a proclamación provisional de candidaturas e a súa exposición pública na súa sede e fará a comunicación á Xunta Electoral.

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

7. No caso de que non fora proclamada algunha candidatura, no prazo ##### días naturais seguintes poderán presentarse reclamacións ou a documentación complementaria precisa ante o consello regulador, que resolverá nos ##### días naturais seguintes.

8. Contra estas resolucións poderá interporse recurso perante a Xunta Electoral no prazo de ##### días naturais. A Xunta Electoral resolverá nos ##### días naturais seguintes e procederá á proclamación definitiva dos candidatos.

9. Unha vez proclamadas as candidaturas pola Xunta Electoral, se a totalidade das correspondentes a un censo ou subcenso chegan a un acordo no reparto das vogalías, darase por concluído o proceso electoral para ese censo ou subcenso, sendo os candidatos propostos proclamados vogais pola Xunta Electoral. O dito acordo deberá ser presentado perante a Xunta Electoral a máis tardar o #####, e virá subscrito polos representantes de cada candidatura.

Artigo 9. *Vogais a elixir*

1. O número de vogais a elixir por cada censo e subcenso de cada consello regulador é o que figura no anexo III desta orde.

2. A distribución efectúase tendo en conta o establecido nos regulamentos dos consellos reguladores convocados a eleccións e atendendo ás propostas dos respectivos plenos e a criterios de representatividade económica e social, de conformidade co establecido no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Artigo 10. *Designación dos membros das mesas electorais*

Unha vez realizada a proclamación provisional de candidatos e candidatas, os consellos reguladores iniciarán o sorteo para a designación das persoas que compoñerán as mesas electorais, tanto titulares como suplentes, procedendo seguidamente á súa notificación ás persoas interesadas. Estas disporán dun prazo de ##### días naturais para alegar ante o consello regulador os posibles motivos que consideren que lles impiden aceptar o cargo.

Os consellos reguladores resolverán sen ulterior recurso sobre as alegacións presentadas, procedendo, de resultar necesario, a realizar novos sorteos para cubrir as vacantes daquelas persoas a quen se aceptaron as excusas.

Artigo 11. *Credenciais de persoas interventoras e apoderadas*

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

De conformidade co establecido nos artigos 54 e 55 do Decreto 4/2007, ata o terceiro día anterior ao da votación, a persoa representante de cada candidatura poderá solicitar ante o consello regulador as credenciais de nomeamento de interventores/as e apoderados/as, utilizando para iso os modelos que figuran nos anexos IV e V respectivamente.

Artigo 12. Voto por correo

De acordo co establecido no artigo 53 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, as persoas electoras poderán emitir o seu voto por correo mediante solicitude cursada perante a secretaría do consello regulador. A dita solicitude poderá realizarse a partir da data de exposición de censos definitivos e ata o décimo día anterior á data das eleccións.

Artigo 13. Votación, escrutinio, proclamación de vogais electos e constitución dos plenos

1. O/a presidente/a e os/as vogais de cada mesa electoral reuniranse ás nove horas do día ##### de 2017 no local designado para a votación. Durante a primeira media hora recibirán as credenciais das persoas interventoras que se presenten, comparándoas coa copia que estará en poder da mesa, dándolle, no seu caso, posesión do cargo.

2. Ás 9.30 horas a presidencia estenderá a acta de constitución da mesa, que firmará xunto cos/coas vogais, ademais das persoas interventoras, se as houbese, comezando ás dez horas a votación, que continuará sen interrupción ata as 17 horas.

3. Rematada a votación, a presidencia da mesa declarará cerrada esta e comezará o escrutinio, procedendo a realizarse todas as operacións sinaladas no artigo 58 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

4. Segundo o establecido no artigo 59 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, cada mesa procederá á elaboración da documentación electoral, que será remitida á Xunta Electoral e ao Consello Regulador correspondente no prazo das 24 horas seguintes.

5. No segundo día posterior ao da votación, a Xunta Electoral procederá á proclamación dos/das vogais electos/as. Para a asignación de vogalías, de acordo co establecido no citado decreto, aplicarase o sistema proporcional directo. Como anexo VI acompáñase unha explicación do reparto de vogalías segundo este sistema, cun exemplo práctico.

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

6. Contra dita proclamación as persoas interesadas poderán presentar recurso no prazo de tres días naturais ante a Conselleira do Medio Rural, a cal os resolverá no prazo de cinco días naturais. A presentación do recurso deberá ser comunicada á Xunta Electoral dentro dese prazo, presentando copia del na súa sede.

7. Entre os días ##### constituiranse os plenos dos consellos reguladores, nos que tomarán posesión os/as vogais electos/as e se proporán as persoas candidatas á presidencia e vicepresidencia ou vicepresidencias.

Disposición adicional única: *Prórroga do mandato dos consellos reguladores das indicacións xeográficas Lacón Gallego e Ternera Gallega*

1. Prorrógase o mandato dos órganos de goberno do Consello Regulador da indicación xeográfica protexida *Lacón Gallego*. A dita prórroga estenderase ata o día da toma de posesión dos/das novos/as vogais elixidos/as logo da convocatoria electoral correspondente e terá, en todo caso, unha duración máxima de dous anos.

2. Prorrógase o mandato dos órganos de goberno do Consello Regulador da indicación xeográfica protexida *Ternera Gallega*. A dita prórroga estenderase ata a extinción deste consello regulador e terá, en todo caso, unha duración máxima de un ano.

Disposicións finais

Primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase a directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para ditar cantas instrucións sexan precisas para a execución desta orde.

Segunda. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ## de ##### de 2017.

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira do Medio Rural

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

ANEXO I

Calendario electoral

Día (*)		Fase do proceso electoral
		Data do comezo do proceso electoral.
		Fin do prazo de presentación de candidatos á Xunta Electoral.
		Designación dos membros da Xunta Electoral.
		Fin do prazo de presentación de recursos ante a conselleira do Medio Rural contra a designación dos membros da Xunta Electoral.
		Resolución pola conselleira do Medio Rural dos recursos presentados contra a designación dos membros da Xunta Electoral.
		Constitución da Xunta Electoral. Aprobación dos censos provisionais polos plenos dos consellos reguladores
		Inicio da exposición dos censos provisionais e do prazo para reclamacións sobre estes.
		Último día de prazo para a presentación de reclamacións sobre os censos perante os consellos reguladores correspondentes.
		Data límite para a resolución das reclamacións sobre os censos polos plenos dos consellos reguladores.
		Inicio do prazo de presentación de candidaturas.
		Fin do prazo de presentación de recursos sobre os censos ante a Xunta Electoral.
		Data límite para a resolución dos recursos sobre os censos pola Xunta Electoral.
		Exposición dos censos definitivos.
		Fin do prazo de presentación de candidaturas ante os consellos reguladores.
		Proclamación provisional de candidaturas polos plenos dos consellos reguladores e exposición pública. Primeiro sorteo para a designación dos membros das mesas.
		Fin do prazo de presentación de reclamacións sobre a proclamación de candidatos ante os consellos reguladores.
		Data límite para a resolución das reclamacións polos plenos dos consellos reguladores.
		Fin do prazo de presentación de recursos sobre a proclamación de candidatos ante a Xunta Electoral.
		Data límite para a resolución dos recursos anteriores pola Xunta Electoral e proclamación definitiva dos candidatos.

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

		Fin do prazo de presentación de acordos electorais polas candidaturas.
		Comezo da campaña electoral.
		Fin da campaña electoral.
		Constitución das mesas electorais e votación.
		Proclamación de vocais electos pola Xunta Electoral.
		Fin do prazo de presentación de recursos sobre a proclamación de vocais electos.
		Data límite para a resolución dos recursos sobre a proclamación de vogais electos.
		Toma de posesión dos vocais electos. Pleno constitutivo e proposta de persoas candidatas para ocupar a presidencia e vicepresidencia ou vicepresidencias.

(*) Nas fases que comprenden varios días, refírese ao último día do prazo, rematando este ás 14 h. dese día para os efectos de presentación de escritos, reclamacións, recursos e outra documentación.

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

ANEXO II

Modelo de impreso para presentación dos censos

Consello regulador _____ eleccións 2017

Censo Folla nº

Subcenso

Número	Apelidos e nome ou razón social	DNI/NIF	Enderezo			Sección Electoral	Observacións
			Rúa ou lugar	Parroquia	Concello		

O/A secretario/a do Consello Regulador da

Conforme

O/A presidente/a

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

A4 (210X297 m.m) UNE

(Escribir a dous espacios)

ANEXO III

Composición do consello regulador

Número de vogais

	Sector produtor Censo A	Sector Industrial		Sector cooperativo Censo C
		Censo B		
		B ₁ ≤ 30.000 l	B ₂ > 30.000 l	
Denominación de orixe Monterrei	3	1	2	1

	Sector produtor		Sector Industrial		Sector cooperativo
	Censo A		Censo B		
	A ₁ ≤ 2Ha	A ₂ > 2Ha	B ₁ ≤ 100.000 l	B ₂ > 100.000 l	
Denominación de orixe					
Rías Baixas	5*	4**	2	7***	4

* Estes 5 vogais elixíranse do seguinte xeito: 3 polos viticultores das subzonas do Salnés e Ribeira do Ulla, 1 polos das subzonas do Condado e Soutomaior e 1 polos da subzona do Rosal.

** Estes 4 vogais elixíranse do seguinte xeito: 2 polos viticultores do Salnés e Ribeira do Ulla, 1 polos das subzonas do Condado e Soutomaior e 1 polos da subzona do Rosal.

*** Estes 7 vogais elixíranse do seguinte xeito: 3 polas adegas das subzonas do Salnés e Ribeira do Ulla, 2 polas das subzonas do Condado e Soutomaior e 2 polas da subzona do Rosal.

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

	Sector produtor Censo A			Sector Industrial Censo B		
	A ₁ Non comerc.	A ₂ Menor sup.	A ₃ Maior sup.	B ₁ Adegas menores	B ₂ Adegas intermedias	B ₃ Adegas maiores
Denominación de orixe Ribeira Sacra	1	3	2	2	1	3

	Sector produtor Censo A	Sector Industrial Censo B		Sector cooperativo Censo C	Sector Colleiteiro Censo D
		B ₁ ≤ 400.000 l	B ₂ > 400.000 l		
Denominación de orixe Ribeiro	3	1	2	3	1

	Sector produtor Censo A	Sector Industrial Censo B		Sector cooperativo Censo C
		B ₁ Resto adegas	B ₂ Adegas maior volume variedades pref.	
Denominación de orixe Valdeorras	3	1	2	3

	Produtores subprodutos vinificación Censo B ₁	Instalacións de destilado Censo B ₂	Instalacións de elaboración e embotellado Censo B ₃
Indicacións xeográficas das augardentes e licores tradicionais de Galicia	2	3	5

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B	
		$B_1 \leq 300.000 \text{ kg}$	$B_2 > 300.000 \text{ Kg}$
Denominación de orixe protexida Arzúa-Ulloa	3	3	3

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B
Denominación de orixe protexida Queixo Tetilla	3	5

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B
Denominación de orixe protexida San Simón da Costa	2	5

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B
Denominación de orixe protexida Cebreiro	1	2

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B
Denominación de orixe protexida Pemento de Herbón	3	3

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B
Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia	6*	6*

* Ningunha subzona poderá ter máis do 70% de representación, tanto no caso do sector produtor como no do sector industrial.

	Sector produtor Censo A			Sector Industrial Censo B.	
	A ₁ nº colmeas ≤150	A ₂ nº colmeas 150<n≤400	A ₃ nº colmeas > 400	B ₁ ≤ 50.000 kg	B ₂ > 50.000 kg
Indicación xeográfica protexida Mel de Galicia	1	1	2	3	2

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

	Elaboradores Censo único (B)
Indicación Xeográfica Protexida Pan de Cea	4

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B
Indicación xeográfica protexida Faba de Lourenzá	3	3

	Produtores Censo A	Comercializadores en fresco Censo B ₁	Instalacións de procesamento Censo B ₂
Indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia	6	3	3

	Produtores Censo A	Sector industrial Censo B
Indicación xeográfica protexida Grellos de Galicia	3	3

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

- 31 -CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - PARA O DIARIO OFICIAL PAX

(Escribir a dous espacios)

	Elaboradores Censo único (B)
Indicación Xeográfica Protexida Tarta de Santiago	5

	Sectores produtor e industrial (A+B) Censo único
Indicación xeográfica protexida Pemento do Couto	5

	Sectores produtor e industrial (A+B) Censo único
Indicación xeográfica protexida Pemento da Arnoia	5

	Sector Produtor		Sector Industrial			Sector Comercializador
	Expl. agrícolas Censo A ₁	Expl. Gandeiras Censo A ₂	<50.000€ Censo B ₁	50.000€ a 300.000 Censo B ₂	>300.000 Censo B ₃	Censo D
Agricultura ecolóxica de Galicia	3	3	1	2	3	1

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

A4 (210X297 m.m) UNE

(Escribir a dous espacios)

ANEXO IV
Eleccións ao consello regulador

.....**2017**

Asunto: CREDENCIAL DE NOMEAMENTO DE INTERVENTOR/A	DATA:
---	-------

DATOS DA PERSOA PROPOSTA

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
------------------	-----------------

NOME	DNI
------	-----

ENDEREZO	C.P.	CONCELLO
----------	------	----------

DATOS DO REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
------------------	-----------------

NOME	DNI
------	-----

ENDEREZO	C.P.	CONCELLO
----------	------	----------

REPRESENTANTE	DA	CANDIDATURA	PRESENTADA	POR
.....				

Conforme ao disposto no artigo 54 do Decreto 4/2007, nomea interventor/a a persoa enriba indicada.

O/A representante

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

ANEXO V

Eleccións ao consello regulador

.....2017

Asunto: CREDENCIAL DE NOMEAMENTO DE APODERADO/A	DATA:
---	-------

DATOS DA PERSOA PROPOSTA

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
------------------	-----------------

NOME	DNI
------	-----

ENDEREZO	C.P.	CONCELLO
----------	------	----------

DATOS DO REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
------------------	-----------------

NOME	DNI
------	-----

ENDEREZO	C.P.	CONCELLO
----------	------	----------

REPRESENTANTE	DA	CANDIDATURA	PRESENTADA	POR
.....				

Conforme ao disposto no artigo 55 do Decreto 4/2007, nomea apoderado/a á persoa enriba indicada.

O/A representante

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

(Escribir a dous espacios)

ANEXO VI

Asignación de vogalías polo sistema proporcional directo

O sistema proporcional directo atribúe as vogalías segundo a mecánica que a continuación se detalla:

Divídense os votos de cada candidatura entre un número, que se obtén pola súa vez de dividir o número de votos válidos totais obtidos polas distintas candidaturas entre o número de vogais a elixir. Os resultados das divisións darán un valor para cada candidatura. A parte enteira do valor resultante será o número de vogais. Se aínda queda algún vogal por asignar, este será para a candidatura que teña un valor máis alto da parte decimal, e se queda algún vogal máis, para a seguinte que teña a parte decimal máis alta, e así sucesivamente. O seguinte exemplo ilustra o procedemento a aplicar:

Censo: 5.000 electores

Vogais a elixir 7

Reparto de votos entre as distintas candidaturas:

A: 1.500

B: 1.000

C: 700

D: 600

E: 200

Votos válidos obtidos polas distintas candidaturas: 4.000

$4.000 / 7 = 571,428$

$1.500 / 571,428 = 2,62$ A obtén 2+1=3 Vogais

$1.000 / 571,428 = 1,75$ B obtén 1+1=2 Vogais

$700 / 571,428 = 1,22.$ C obtén 1 Vogal

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

- 35 -CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - PARA O DIARIO OFICIAL PAX

(Escribir a dous espacios)

$600 / 571,428 = 1,05$. D obtén 1 Vogal

$200 / 571,428 = 0,35$. E obtén 0 Vogais

(NO ESCRIBIR EN EL DORSO)

A4 (210X297 m.m) UNE